

O NOSO NADAL



Non sempre os galegos fomos cristiáns. Naqueles tempos, as fontes, os ríos e as árbores tiñan poderes máxicos.

Os ritos máis antergos do nadal galego veñen deses tempos, daquel tempo en que aínda non chegaran aquí os romanos. Algunhas desas tradicións perviviron porque foron cristianizadas.

Este ano imos recordar rituais que están relacionados co **solsticio de inverno**. Algúns perdéronse, outros aínda se conservan nalgunhas zonas da Galiza.

Os nosos mortos, coma noutras festividades importantes, pasaban do **alén** ao **aquén**, estaban moi presentes en certos ritos que se levaban a cabo entre o 24 de decembro e o 6 de xaneiro.

Para esta viaxe imos contar coa axuda do **Apalpador** ou **Pandigueiro** que, como aínda non ten moito traballo, vai lembrar como se celebraba o nadal cando el aínda era neno e mozo.



COMIDAS DE NADAL

Centolas, ameixas, cigalas...nada diso se comía antes por Nadal. O que nós ceabamos era **BACALLAO CON...VERZAS OU COLIFLOR**

Porque durante moito tempo a igrexa gobernaba a nosa vida. Nalgunhas datas sinaladas non se podía comer carne, é dicir, eran días de vixilia. Un destes días en que estaba prohibido comer carne era a noite antes do 25 de decembro. Por iso, na noite do 24 comiamos bacallao acompañado dunha verdura: verza, coliflor ou repolo. Algunha vez que fui apalpar barrigas **polo sur de Galiza**, vin que tamén se ceaba **polbo con cachelos**.

Lembro que no ano 1962 se levantou esta prohibición, unha modernidade do Concilio Vaticano II. Pero non pensedes que o costume desapareceu, sigo a ver mesas cos verzas e bacallao ou polbo nas casas que visito en Noiteboa para apalpar as barrigas das crianzas.



SOBREMESAS

E o turrón? Comiamos turrón daquela?

Esta tradición é bastante recente.

Por exemplo, en Verín terminaban o xantar cunha **sopa de améndoas**, en Lugo

preferían a **compota de pera** en viño tinto. As **uvas pasas**, **o arroz con leite**, as **castañas**, as **noces**, o **bandullo** -a min o bandullo non me sabe, pero vai nos gustos-, os **figos** ou as **filloas** eran o que tomaban nalgunhas partes de Galiza.

Pero o máis interesante é que...

OS MORTOS TAMÉN ANDABAN POR AQUÍ POR ESAS DATAS

Ben sabedes que os mortos para nós ten un...aquele, un algo moi especial. Os nosos mortos, de cando en cando, gustan de vir ver como andamos por aquí. Vamos, que ven de visita desde o alén.

Por iso, na **Noiteboa** era costume que toda a familia se reunira na casa dun dos proxenitores, case sempre na paterna. **Toda a familia sentaba arredor da mesa**. E cando digo toda, estou a incluír **tamén as ánimas dos familiares falecidos** que, segundo recollen autores coma Risco, tamén querían participar na celebración e meter algo no “bandullo”. Por este motivo, **era costume**, nalgunhas partes da Galiza, **que na cea do 24 se servira un prato máis na mesa para que os familiares mortos compartiran co resto a cea; noutros lugares, deixábase a mesa sen recoller para que comesen as ánimas dos ausentes**. Para **que non pasaran frío, deixaban a lareira acesa**. En Xinzo de Limia (Ourense), o cabeza de familia debía quedar na casa para recibilas ánimas. Deste xeito, os membros da familia do alén podían voltar a gozar da calor e da comida na casa na que viviran.

OS CANTOS DE REIS

0458. Reis con retrouso de Valdeorras, romance [Adoración de los Reyes].

"Romances religiosos" RXG nº 145, IGRH 0770, CCBP nº 264, CMG nº 260.

Moderato Valdeorras [a.d. 1897].

0458.1

Os an - xe - li - ños d'a gro - ria can - tan cou - sas
Os pa - xa - ri - ños da te - rra cou - sas de moi -

d'a gra - da - re - Fa - la - de ben bai - xo pe - ta - de pou -
to . pen - sa - re.

qui - ño por que non des - per - te o no - so ru - li - ño.

O LEGADO MUSICAL DE CASTO SAMPEDRO FOLGAR (1848-1937):

O CANTO GALEGO DE TRADICIÓN ORAL

Recordo ter cantado este e outros cantos de reis. E tamén recordo as foliadas e festas que organizabamos para comer todo o que nos fora dando a veciñanza. Pero, quizais non coñeces esta bonita **tradición dos cantos de reis** que estivo a piques de perderse, pero que hoxe está a recuperarse en moitas zonas da nosa terra.


Á tardiña, nas aldeas e lugares de Galiza, cando eu era rapazolo, xuntabámonos as mozas e mozos para ir cantar de casa en casa. Tocabamos as pandeiretas, bombos e as gaitas e cantabamos cantigas coma as que tendes arriba. Estas cantigas xa as cantaban os pais dos nosos pais. Case todos os cantos de reis xiraban arredor da visita e a adoración dos Reis Magos a Cristo, a fuxida da familia de Xesús a Exipto ou a viaxe de Nazaret a Belén na busca dun lugar tranquilo no que puidese parir María.

Eu non sabía moi ben que significaba esta tradición na que tanto me agradaba participar, pero un día lin que parece

ser que estes cantos de Reis relatan, case todos eles, unha viaxe ou falan dun camiño. E tamén lin que isto non é casual porque o Nadal coincide co período no que o Sol ten menos potencia e co intre en que o Sol comeza o seu renacemento cíclico a partir do solsticio de inverno. Iso é o que lin que escribeu o antropólogo Rafa Quintiá.

Os “Reseiros” -así nos chamaban-, cando chegabamos a unha casa, cantabamos unhas estrofas para presentarnos e para pedir licenza para cantar na casa, unhas estrofas coma estas:

Cantar de Reis de Laxoso



Se nos convidaban a entrar, entón entoabamos o propio canto de Reis:

Os tres reises magos
van para Belén,
quitaron os zocos
para correr ben.
Lupe de Caveira
faielles o café,

Esperanza de Macario
peneira de pé.

(bis)

Escoiten señores
o aguinaldo novo
que naceu o neno.
metido nun ovo.



Escoiten señores
o aguinaldo vello
que naceu o neno
metido nun cesto.
Déano-lo aguinaldo
aunque sexa pouco,
un bo bacallao
e a metade doutro.

Rancho de Reis de Guláns 1920 A nosa Terra Diario

De postre castañas
boas e ben grandes,
un molete enteiro
e un queixo de flandes.

(bis)

(Asociación de Gaiteiros galegos)

Cando rematabamos de cantar e tocar, os da casa agasallábannos con viño, chourizos, touciño, doces.... Para agradecérllelo interpretabamos unha loubanza e unha despedida. Aquí vos deixo un exemplo recollido en Mondoñedo polo colectivo Amencer:

Nesta casa caleada,
caleada de pemento,
que por moitos anos vivan
os señores que están dentro.

E estoutro de despedida recollido por Carlos Gómez no Couto de Outeiro de Mondoñedo:

Quédense con Dios señores
hasta el año que volvamos
si pal año no volvemos
que en el cielo nos veamos.

Ás veces insultabamos ou deciamos cousas ferintes aos das casas cando non nos daban nada. E tocabamos cantiguiñas coma esta:

Cántolle os Reis
guedellos de cabra,
cántolle os Reis,
e non nos dá nada.

Como podedes comprobar, por desgraza, moitos destes cantos estaban en castelán ou castrapo porque tiñan a súa orixe nos cantos relixiosos dos séculos XV e XVI adaptados e transformados polo pobo.

Rematamos a escolma cuns cantares de Reis de Pombeiro (Pantón, Lugo).

Nesta casiña faiada,
faiadiña de papel
que por moitos anos vivan
os señores de Manuel
(os señores que están nel)

Nesta casa faiadiña

faiadiña de por dentro,
que por moitos anos vivan
os señores ques están dentro

Non pedimos polo moito
nin pedimos polo pouco,
pedimos un marrao enteiro
e a mitá doutro



Autor e datas descoñecidas. Grupo de reiseiras.

Nestes vídeos podedes escoitar a algunhas persoas que aínda cantan e recordan os cantos de reis.

<https://historiadegalicia.gal/2022/01/videos-asi-eran-e-ainda-son-os-cantares-de-reises-en-galicia/>

E neste audio recóllense cantos de Reis de Laxoso
<https://soundcloud.com/trepia/cantar-de-reis-de-laxoso>

